

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

A xunta de Voceiros da FEGAMP, en xuntanza celebrada o 9 de xaneiro de 2019

EXPÓN

1. Que con data 26 de xuño publicouse na DOG a Lei 5/2015 de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais co obxectivo de mellorar a calidade de vida de todos os pacientes da Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen en situación terminal, así como das persoas a elas vinculadas, sen diferenza en canto á patoloxía basal, localización xeográfica ou idade, de xeito racional, planificado, coordinado e eficiente, de acordo coas súas necesidades e respectando a súa autonomía e valores.
2. Que entre os principios xerais da Lei está garantir a igualdade e a non discriminación das persoas no proceso do final da súa vida ao recibir coidados e servizos no ámbito sanitario ou social, independentemente do lugar de Galicia en que residan.
3. Que entre os dereitos das persoas ante o proceso da morte está a formalización da súa declaración de vontade vital anticipada, a través do documentos de instrucións previas.
4. Que conforme ao disposto na disposición adicional única da Lei, a Xunta de Galicia, no prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, levaría a cabo as actuacións precisas tanto para darlle difusión a esta lei entre as e os profesionais e as cidadás e os cidadáns como para promover entre a poboación a realización do documento de instrucións previas.

En base a estas premisas, a Xunta de Voceiros da FEGAMP **comprométese** a:

1. Apoiar á proposta da asociación DMD-Galicia para o recoñecemento da data do 12 de xaneiro, conmemoración da morte de Ramón Sampedro, como Día da Morte Digna en Galicia.
2. Impulsar a potenciación de accións e procedementos que faciliten á poboación, especialmente no mundo rural, o outorgamento do documento de instrucións previas, creando unidades habilitadas nos Centros de Saúde e a súa extensión a todos os hospitais de Galicia
3. Promover a realización de campañas informativas nos centros sanitarios da Comunidade Autónoma e servizos sociais dos concellos galegos de difusión e promoción da Lei mediante a elaboración de carteis e trípticos informativos postos a disposición nas dependencias sanitarias da Xunta de Galicia e a realización xornadas informativas nas que se de a coñecer a “ Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías da dignidade das persoas enfermas terminais ” e normativa de desenvolvemento desta Lei e a súa aplicación práctica.
4. Dar maior apoio administrativo para facilitar o trámite do Documento de Instrucións Previas (Documento de Vontades Anticipadas ou Testamento Vital), informando dende os concellos dos procedementos a seguir.
5. Para o desenvolvemento destas medidas, a FEGAMP seguirá mantendo xuntanzas periódicas coa Consellería de Sanidade e a Asociación DMD para asinar un Convenio no que se plasmen os compromisos das partes neste ámbito.